



## medio ambiente

O estudio do medio ambiente dividírase en catro grandes bloques. O primeiro deles está dedicado á análise do aire, a partir dos datos facilitados polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. Posteriormente, analizarase a situación da auga, tendo en conta os datos do INE referidos á precipitación acuosa e a capacidade dos embalses e a auga embalsada nas diferentes cuncas hidrográficas.

O terceiro apartado está dedicado ó solo. Dado que no capítulo 3.2.- Sector primario e industrias relacionadas, se analizan aspectos como a distribución xeral da terra ou o consumo de fertilizantes, neste capítulo se presentan os datos do número de incendios e superficie afectada, a partir da información facilitada pola Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente.

Finalmente, preséntanse os principais datos da *Encuesta sobre recogida y trata-*

*miento de residuos urbanos* publicada polo INE, así como os datos dunha serie de indicadores competencia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O presuposto da Consellería de Medio Ambiente, a diferenza do acontecido no ano 2000, rexistrou unha medra no ano 2001 do 23,4% respecto ó ano precedente, para situarse nos 170.112,9 miles de euros, dos que un total de 72.033,7 miles de euros (un 21,1% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 5.3.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería. Os programas 614C, ordenación, reestruturación e desenvolvemento do sector forestal; o 422C, prevención e defensa contra incendios; e o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorben o 85,9% do total dos presupostos da Consellería.

5.

CADRO 5.3.1.

**Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 2000-01: distribución por programas**

|                                                                 | 2000             | 2001             | 01/00       |
|-----------------------------------------------------------------|------------------|------------------|-------------|
|                                                                 | (en miles de €)  |                  | (%)         |
| 342A Protección e Mellora do Medio Ambiente                     | 33.876,0         | 48.911,6         | 44,4        |
| 341A Direccións e Servizos Xerais de Medio Ambiente             | 5.511,9          | 6.871,4          | 24,7        |
| 422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais               | 34.284,1         | 45.280,9         | 32,1        |
| 432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico | 2.538,7          | 2.603,6          | 2,6         |
| 614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal            | 46.381,3         | 51.976,7         | 12,1        |
| 441A Elaboración e difusión estatística                         | 44,5             | 44,5             | 0,0         |
| 731A Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf.                  | 15.207,4         | 14.424,3         | -5,1        |
| <b>Total</b>                                                    | <b>137.843,9</b> | <b>170.112,9</b> | <b>23,4</b> |

Fonte: Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

CADRO 5.3.2.

**Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 2000-01**

|                                                                             | 2000            | 2001     | 01/00 |
|-----------------------------------------------------------------------------|-----------------|----------|-------|
|                                                                             | (en miles de €) |          | (%)   |
| 342A Protección e mellora do Medio Ambiente                                 |                 |          |       |
| 601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.) | 39.018,1        | 38.072,0 | -2,4  |
| 640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial                          | 300,5           | 601,0    | 100,0 |
| 412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos                       |                 |          |       |
| 601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.) | 23.108,6        | 23.549,7 | 1,9   |
| 622 Edificios e outras construcións                                         | 120,2           | -        |       |
| 623 Maquinaria, instalacións e utensilios                                   | 48,1            | 48,1     | 0,0   |
| 624 Material de transporte                                                  | 60,1            | 60,1     | 0,0   |
| 625 Mobiliario e útiles                                                     | 90,2            | 102,2    | 13,3  |
| 626 Equipos para procesos de información                                    | 60,1            | 60,1     | 0,0   |
| 640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial                          | 300,5           | 60,1     | -80,0 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

5.

Comparado co ano anterior cómpre salienta-lo importante crecemento dos devanditos programas 342A e 422C, que presentan unha medra do 44,4% e 32,1%, respectivamente.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, cun presuposto de 177.635,1 miles de euros (un 11% inferior ó do 2000), e Augas de Galicia, da que os seus investimentos reais, como se reflicte no **cadro 5.3.2.**, ascenden a 62.553,2 miles de euros (un 0,9% inferior ó do ano 2000).

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica, por un importe de 15,9 millóns de euros, un 5,7% menos que a canti-

dade presupostada o exercicio anterior, que era de 16,8 millóns de euros.

## Aire

Atendendo ós datos facilitados polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, en abril de 2002 había en Galicia un total de 94 estacións de vixilancia da calidade do aire (61 automáticas e 33 manuais). Destas 94 estacións, 89 pertencen á Redes de control industrial de xestión privada e envían os seus datos validados ó laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, mentres que a Consellería de Medio Ambiente dispón dunha estación fixa automática e catro estacións móbiles automáticas.

Cómpre salientar que as 89 estacións pertencentes a redes de control industrial de

## CADRO 5.3.3.

## Nivel de pole en Galicia 2001: distribución segundo especies

|          | Total                                        | Estrugas | Gramíneas | Bidueiro | Llanten | Piñeiro | Carballo | Ameneiro | Plátano | Outros |
|----------|----------------------------------------------|----------|-----------|----------|---------|---------|----------|----------|---------|--------|
|          | (en gramos de pole / metros cúbicos de aire) |          |           |          |         |         |          |          |         |        |
| A Coruña | 7.150                                        | 1.815    | 1.769     | -        | 1.158   | 413     | -        | -        | -       | 1.995  |
| Lugo     | 20.518                                       | -        | 7.813     | 2.259    | -       | 2.728   | 2.279    | -        | -       | 5.439  |
| Santiago | 18.738                                       | 1.437    | 3.088     | 9.228    | 1.060   | -       | -        | -        | -       | 3.925  |
| Verín    | 16.404                                       | -        | 7.155     | -        | -       | 1.918   | 966      | 2.677    | -       | 3.688  |
| Vigo     | 13.802                                       | 3.693    | 3.365     | 1.054    | -       | 1.601   | -        | -        | -       | 4.089  |
| Viveiro  | 6.667                                        | 1.357    | 1.526     | -        | 415     | 810     | -        | -        | -       | 2.559  |
| Ourense  | 14.560                                       | -        | 4.350     | -        | -       | 2.035   | 1.386    | -        | 1.668   | 5.121  |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

xestión privada repártense entre 16 redes de control da calidade do aire correspondentes a outras tantas empresas.

Un indicador da situación da atmosfera ven dado polo nivel de pole no aire. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, cómpre salientar, polo seu carácter alérxico como pola súa gran presenza en Galicia, a presenza das gramíneas, seguida das urticáceas (estrugas), tamén fonte de alerxias, e o bidueiro.

O **cadro 5.3.3.** reflicte os datos dos sete captadores distribuídos ó longo da xeografía galega. En canto á cantidade de gramos de pole por metro cúbico de aire, salienta Lugo e Santiago, con 20.518 e 18.738 gramos de pole por metro cúbico. En canto ás diferentes especies, cómpre salientalo papel das gramíneas en Lugo, Verín e Ourense, mentres que no captador de Santiago, a especie predominante é o bidueiro.

### Auga

A auga pode considerarse coma un recurso escaso, polo que unha adecuada planificación da política hidráulica imponse coma unha necesidade. O Plan Hidrológico Nacional 2001-2008, aprobado mediante Lei 10/2001, de 5 de xullo, é o instrumento da devandita planificación.

O programa de investimentos para o período de vixencia do Plan contempla uns investimentos de 23.050,5 millóns de euros,

dos que 4.207,1 millóns de euros van destinados á transferencia dende o Ebro ata as cuncas deficitarias (Júcar e Segura). Os restantes 18.843,4 millóns de euros destínanse a actuacións de planificación nas cuncas hidrográficas, das que un 3,1% (591,7 miles de euros) corresponden ó investimento en Galicia.

O **cadro 5.3.5.**, que recolle os datos da precipitación acuosa ó longo do ano 2000, reflicte que a vertente Norte e Noroeste é a que rexistrou o maior número de litros por metro cadrado, con 1.590 litros (un 9,6% máis que o rexistrado no ano anterior). Pola contra, as zonas con menores precipitacións son a cunca do Júcar e do Segura, con 471 e 305 litros por metro cadrado, respectivamente.

Atendendo á evolución respecto ó ano anterior, o devandito cadro reflicte que dúas cuncas presentan un descenso da precipitación acuosa: Segura, cun 7,6% menos, e a vertente do Pirineo Oriental, cun 7,1% menos que no ano 1999. Pola contra, é a vertente sur a que experimenta o maior crecemento das precipitacións, cun 40,6% máis (172 litros por metro cadrado).

No concernente á capacidade dos embalses e á cantidade de auga embalsada, o **cadro 5.3.6.** reflicte que a zona norte presenta unha capacidade de 4.355 millóns de metros cúbicos (o 8,2% do total estatal) sendo a auga embalsada de 1.508 millóns de metros cúbicos, o 5,6% do total de España. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que no

5.

CADRO 5.3.4.

**Reparto de investimentos do Plan Hidrológico  
Nacional 2001-2008**

|                       | Investimentos       | C.A./Total   |
|-----------------------|---------------------|--------------|
|                       | (en miles de €)     | (%)          |
| Andalucía             | 4.157.813,8         | 22,1         |
| Aragón                | 2.514.003,6         | 13,3         |
| Asturias              | 484.704,2           | 2,6          |
| Canarias              | 594.971,9           | 3,2          |
| Cantabria             | 367.831,4           | 2,0          |
| Castela e León        | 1.508.360,1         | 8,0          |
| Castela - A Mancha    | 1.236.594,4         | 6,6          |
| Cataluña              | 1.089.190,2         | 5,8          |
| Comunidade Valenciana | 1.304.869,4         | 6,9          |
| Estremadura           | 1.166.288,0         | 6,2          |
| Galicia               | 591.720,5           | 3,1          |
| Madrid                | 604.798,5           | 3,2          |
| Murcia                | 1.066.057,2         | 5,7          |
| Navarra               | 1.006.941,7         | 5,3          |
| País Vasco            | 420.179,6           | 2,2          |
| Varias comunidades    | 729.075,8           | 3,9          |
| <b>Total</b>          | <b>18.843.400,3</b> | <b>100,0</b> |

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.5.

**Precipitación acuosa <sup>(1)</sup> 1999-00: distribución segundo cuncas  
hidrográficas**

|                              | 1999                       | 2000  | 00/99 |
|------------------------------|----------------------------|-------|-------|
|                              | (litros por metro cadrado) |       | (%)   |
| España peninsular            | 628                        | 717   | 14,2  |
| Vertente Norte e Noroeste    | 1.451                      | 1.590 | 9,6   |
| Cunca do Duero               | 578                        | 710   | 22,8  |
| Cunca do Tajo                | 568                        | 695   | 22,4  |
| Cunca do Guadiana            | 451                        | 553   | 22,6  |
| Cunca do Guadalquivir        | 472                        | 596   | 26,3  |
| Vertiente Sur                | 424                        | 596   | 40,6  |
| Cunca do Segura              | 330                        | 305   | -7,6  |
| Cunca do Júcar               | 417                        | 471   | 12,9  |
| Cunca do Ebro                | 639                        | 645   | 0,9   |
| Vertente do Pirineo Oriental | 686                        | 637   | -7,1  |

(1) media en litros por metro cuadrado  
Fonte: INE

CADRO 5.3.6.

**Capacidade dos embalses peninsulares e auga embalsada 2000-01: distribución segundo  
cuncas**

|                        | 2000                        |               | 2001          |               | 01/00      |             |
|------------------------|-----------------------------|---------------|---------------|---------------|------------|-------------|
|                        | Capacidade                  | Auga          | Capacidade    | Auga          | Capacidade | Auga        |
|                        | (millóns de metros cúbicos) |               |               |               | (%)        |             |
| Norte                  | 4.355                       | 3.646         | 4.355         | 1.508         | -          | -58,6       |
| Duero                  | 7.459                       | 5.697         | 7.459         | 3.301         | -          | -42,1       |
| Tajo                   | 10.975                      | 6.344         | 10.975        | 5.083         | -          | -19,9       |
| Guadiana               | 8.821                       | 4.587         | 8.821         | 5.852         | -          | 27,6        |
| Guadalquivir           | 8.758                       | 3.295         | 8.781         | 5.927         | 0,3        | 79,9        |
| Sur                    | 1.113                       | 420           | 1.113         | 480           | -          | 14,3        |
| Segura                 | 1.084                       | 171           | 1.084         | 211           | -          | 23,4        |
| Júcar                  | 3.346                       | 555           | 3.346         | 705           | -          | 27,0        |
| Ebro                   | 6.504                       | 4.728         | 6.504         | 3.801         | -          | -19,6       |
| Interiores de Cataluña | 753                         | 301           | 753           | 234           | -          | -22,3       |
| <b>Total</b>           | <b>53.168</b>               | <b>29.744</b> | <b>53.191</b> | <b>27.102</b> | <b>0,0</b> | <b>-8,9</b> |

Fonte: INE

CADRO 5.3.7.

## Incendios forestais 2000-01

| 2000                 |               |                     |                 |                 |
|----------------------|---------------|---------------------|-----------------|-----------------|
|                      | número (1)    | superficie afectada |                 |                 |
|                      |               | sup. arbolada       | sup. rasa       | sup. total      |
|                      |               | (en has.)           |                 |                 |
| A Coruña             | 2.289         | 1.198,8             | 2.177,2         | 3.376,1         |
| Lugo                 | 1.940         | 1.813,7             | 6.451,6         | 8.265,3         |
| Ourense              | 5.317         | 6.305,2             | 25.474,5        | 31.779,8        |
| Pontevedra           | 3.043         | 826,8               | 1.704,6         | 2.531,4         |
| <b>Total</b>         | <b>12.589</b> | <b>10.144,6</b>     | <b>35.808,0</b> | <b>45.952,6</b> |
| España               | 24.167        | 46.138              | 142.448         | 188.586         |
| Galicia / España (%) | 52,1          | 22,0                | 25,1            | 24,4            |

  

| 2001                 |               |                     |                 |                 |
|----------------------|---------------|---------------------|-----------------|-----------------|
|                      | número (1)    | superficie afectada |                 |                 |
|                      |               | sup. arbolada       | sup. rasa       | sup. total      |
|                      |               | (en has.)           |                 |                 |
| A Coruña             | 2.641         | 1.348,7             | 2.305,2         | 3.653,9         |
| Lugo                 | 946           | 241,1               | 1.136,7         | 1.377,8         |
| Ourense              | 3.559         | 1.356,3             | 7.969,5         | 9.325,9         |
| Pontevedra           | 2.914         | 1.044,3             | 2.517,9         | 3.562,3         |
| <b>Total</b>         | <b>10.060</b> | <b>3.990,4</b>      | <b>13.929,3</b> | <b>17.919,9</b> |
| España               | 19.642        | 17.871              | 48.204          | 66.075          |
| Galicia / España (%) | 51,2          | 22,3                | 28,9            | 27,1            |

(1) número: suma de incendios + conatos + queimas

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ministerio de Medio Ambiente

ano 2000 prodúcese unha caída do 58,6% no volume de auga embalsada na zona norte, sendo esta caída do 8,9% no conxunto do estado.

### Solo

No ano 2001 produciuse un descenso importante no número de incendios e na superficie total afectada. O número total de incendios forestais rexistrados en Galicia descendeu un 20,1% respecto ó ano 2000, ó pasaren dos 12.589 incendios no 2000 ós 10.060 lumes no 2001. Esta caída prodúcese un tódalas provincias galegas, agás na de A Coruña (352 incendios máis), salientando a evolución rexistrada na provincia de Ourense, con 1.758 incendios menos que no ano 1999 (cadro 5.3.7.).

A provincia de Ourense é a que presenta o maior número de incendios, con 3.559 (o 35,4% dos lumes rexistrados en Galicia), seguida por Pontevedra e A Coruña, con

2.914 (o 29%) e 2.641 (26,3%) incendios, respectivamente.

Este descenso no número de incendios rexistrados na comunidade galega foi acompañado dunha caída da superficie total afectada (un 61% menor que no ano anterior) para situarse nas 17.919,9 hectáreas fronte ás 45.952,6 hectáreas do ano anterior. Este descenso rexístrase tanto no caso da superficie rasa, onde a superficie afectada cae en 21.878 7 hectáreas menos que en 2000, como no caso da superficie arbolada, con 6.154,2 hectáreas menos.

Atendendo á desagregación por provincias, o **cadro 5.3.7.** amosa que o descenso da superficie afectada prodúcese tan só nas provincias de Lugo e Ourense, con 6.887,5 e 22.453,9 hectáreas menos. Pola contra, Pontevedra e A Coruña rexistran unha medra na superficie afectada, con 1.030,9 e 277,8 hectáreas máis, producíndose este crecemento tanto na superficie rasa como na arbolada.

CADRO 5.3.8.

Procedencia de residuos urbanos mezclados e recollidos selectivamente 2000: distribución segundo tipo de residuo

|                                                       | Galicia          |                |                  | España            |                  |                   |
|-------------------------------------------------------|------------------|----------------|------------------|-------------------|------------------|-------------------|
|                                                       | Total            | Pequ. Empresas | Fogares          | Total             | Pequ. Empresas   | Fogares           |
| (en Tm.)                                              |                  |                |                  |                   |                  |                   |
| <b>Residuos mezclados</b>                             | <b>1.567.762</b> | <b>61.453</b>  | <b>1.506.309</b> | <b>23.792.175</b> | <b>1.591.771</b> | <b>22.200.404</b> |
| R. domésticos mezclados y públicos similares          | 1.436.869        | 56.784         | 1.380.085        | 22.501.553        | 1.419.882        | 21.081.671        |
| R. domésticos voluminosos mezclados                   | 72.587           | 4.560          | 68.027           | 713.658           | 108.748          | 604.910           |
| R. procedentes de mercados e da limpeza de vías públ. | 58.306           | 109            | 58.197           | 576.964           | 63.141           | 513.823           |
| <b>Residuos recollidos selectivamente</b>             | <b>117.420</b>   | <b>16.617</b>  | <b>100.803</b>   | <b>2.712.815</b>  | <b>514.685</b>   | <b>2.198.130</b>  |
| Parque e xardíns                                      | 10.134           | -              | 10.134           | 295.414           | 3.722            | 291.692           |
| Pilas e acumuladores                                  | 247              | 33             | 214              | 10.416            | 990              | 9.426             |
| Papel e cartón                                        | 24.985           | 2              | 24.983           | 586.422           | 76.979           | 509.443           |
| Vidrio                                                | 40.131           | 8.962          | 31.169           | 612.352           | 74.885           | 537.467           |
| Plásticos                                             | 3.524            | 425            | 3.099            | 157.665           | 9.495            | 148.170           |
| Metais                                                | 3.898            | 856            | 3.042            | 71.744            | 18.177           | 53.567            |
| Madeira                                               | 3.149            | 1.102          | 2.047            | 96.981            | 31.311           | 65.670            |
| Embalaxes compostos                                   | 3.367            | 1.751          | 1.616            | 96.453            | 34.552           | 61.901            |
| Embalaxes mixtos                                      | 20.333           | 2.096          | 18.237           | 295.562           | 42.935           | 252.627           |
| Aceites e grasas                                      | 2.004            | 1.360          | 644              | 52.262            | 26.798           | 25.464            |
| Roupa e textis                                        | -                | -              | -                | 2.833             | 120              | 2.713             |
| Medicinas e productos químicos                        | 1.985            | -              | 1.985            | 38.983            | 3                | 38.980            |
| Equipos desbotados                                    | 346              | 30             | 316              | 4.466             | 1.569            | 2.897             |
| Vehículos fóra de uso                                 | 3.317            | -              | 3.317            | 14.726            | 148              | 14.578            |
| Outros                                                | -                | -              | -                | 376.536           | 193.001          | 183.535           |

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

A provincia de Ourense acolle o 52% da superficie galega afectada, con 9.325,9 hectáreas, mentres que A Coruña e Pontevedra acollen o 20,4% (3.653,9 hectáreas) e 19,9% (3.562,3 hectáreas), respectivamente. No caso da superficie arborada, A Coruña e Ourense acollen unha porcentaxe similar da superficie afectada, cun 34% cada unha das provincia, mentres que no caso da superficie rasa, a provincia de Ourense abrangue o 57% da superficie rasa afectada en Galicia.

Cruzando os datos da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Medio Ambiente, **cadro 5.3.7.**, os incendios rexistrados en Galicia no ano 2001 (o 51,2% dos incendios estatais) afectaron a unha superficie que representaba o 27,1% do total da superficie total afectada en España. No caso da superficie arborada, esta porcentaxe ascende ata o 22,3%, e no caso da superficie rasa ata o 28,9%.

## Residuos sólidos

Segundo a *Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos*, ó longo do ano 2000 recolléronse en Galicia 1.685,2 miles de toneladas de residuos (o 6,4% do total estatal), o que equivale a 608 quilogramos

mos por habitante (630,6 quilogramos por habitante no conxunto do estado).

A meirande parte dos residuos, 1.567,8 miles de toneladas, un 93% corresponde á recollida de residuos mesturados, sendo o 7% restante recollida de forma selectiva. A súa importancia relativa no total estatal é do 6,6% e 4,3%, respectivamente.

O **cadro 5.3.9.** amosa que en Galicia recolléronse no ano 2000 un total de 608 quilogramos por habitante, dos que 574 quilogramos (un 6,3% máis que en 1999) corresponde a residuos mesturados e 34 quilogramos (un 43,1% máis) a residuos recollidos selectivamente. Comparado co total estatal, en Galicia recóllense 22,6 quilogramos menos (14 quilogramos menos no caso dos residuos mesturados e 8,6 menos no caso dos residuos recollidos selectivamente).

No caso dos residuos recollidos selectivamente, o **cadro 5.3.10.** amosa que en Galicia recóllense 14,7 quilogramos por habitante, fronte ós 9,1 quilogramos no caso do papel e cartón, e 1,3 quilogramos no caso do plástico. No conxunto do estado, estes indicadores acadan o 15,1 quilogramos, 14,5 e 3,9 quilogramos, respectivamente.

## CADRO 5.3.9.

## Recollida de residuos domésticos e públicos 1999-00: distribución segundo tipo de residuo

|                       | 2000               |                               | 1999               |                               | 00/99              |                               |
|-----------------------|--------------------|-------------------------------|--------------------|-------------------------------|--------------------|-------------------------------|
|                       | Residuos mezclados | Res. recogidos selectivamente | Residuos mezclados | Res. recogidos selectivamente | Residuos mezclados | Res. recogidos selectivamente |
| (Kg./hab./ano)        |                    |                               |                    |                               |                    |                               |
| Andalucía             | 686                | 37,9                          | 671                | 26,0                          | 2,2                | 45,6                          |
| Aragón                | 661                | 46,3                          | 624                | 24,0                          | 5,9                | 92,7                          |
| Asturias              | 582                | 32,3                          | 539                | 23,6                          | 8,0                | 36,7                          |
| Baleares              | 817                | 36,7                          | 864                | 32,2                          | -5,4               | 13,9                          |
| Canarias              | 740                | 33,3                          | 739                | 41,9                          | 0,1                | -20,5                         |
| Cantabria             | 424                | 33,0                          | 399                | 35,0                          | 6,3                | -5,6                          |
| Castela e León        | 429                | 29,2                          | 413                | 21,2                          | 3,9                | 38,0                          |
| Castela - A Mancha    | 478                | 32,2                          | 468                | 22,3                          | 2,1                | 44,6                          |
| Cataluña              | 583                | 52,6                          | 576                | 28,9                          | 1,2                | 82,0                          |
| Comunidade Valenciana | 596                | 29,6                          | 568                | 17,3                          | 4,9                | 70,7                          |
| Extremadura           | 496                | 33,5                          | 487                | 27,6                          | 1,8                | 21,4                          |
| Galicia               | 574                | 34,0                          | 540                | 23,8                          | 6,3                | 43,1                          |
| Madrid                | 552                | 73,1                          | 530                | 44,5                          | 4,2                | 64,4                          |
| Murcia                | 553                | 24,7                          | 544                | 12,5                          | 1,7                | 97,6                          |
| Navarra               | 604                | 56,3                          | 605                | 47,4                          | -0,2               | 18,8                          |
| País Vasco            | 483                | 41,1                          | 466                | 28,4                          | 3,6                | 44,5                          |
| A Ríoxa               | 569                | 48,0                          | 518                | 35,8                          | 9,8                | 34,1                          |
| Ceuta e Melilla       | 411                | 22,5                          | 391                | 0,3                           | 5,1                | 6997,8                        |
| Total                 | 588                | 42,6                          | 569                | 28,1                          | 3,3                | 51,3                          |

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

## CADRO 5.3.10.

## Recollida selectiva de residuos 2000: distribución segundo tipo de residuo

|                       | Papel e cartón | Vidrio | Plástico |
|-----------------------|----------------|--------|----------|
|                       | (Kg./hab./ano) |        |          |
| Andalucía             | 13,5           | 14,4   | 3,2      |
| Aragón                | 14,2           | 12,7   | 3,1      |
| Asturias              | 15,8           | 14,6   | 1,2      |
| Baleares              | 15,4           | 20,0   | 1,2      |
| Canarias              | 16,9           | 16,4   | -        |
| Cantabria             | 18,0           | 13,5   | 1,5      |
| Castela e León        | 10,9           | 14,4   | 0,3      |
| Castela - A Mancha    | 12,3           | 11,2   | 0,8      |
| Cataluña              | 14,4           | 14,9   | 4,2      |
| Comunidade Valenciana | 10,4           | 14,3   | 0,5      |
| Extremadura           | 10,3           | 14,8   | 6,5      |
| Galicia               | 9,1            | 14,7   | 1,3      |
| Madrid                | 19,5           | 21,4   | 14,9     |
| Murcia                | 12,6           | 10,2   | 0,6      |
| Navarra               | 26,1           | 15,7   | 9        |
| País Vasco            | 22,8           | 10,7   | 1        |
| A Ríoxa               | 17,6           | 16,7   | 3,4      |
| Ceuta e Melilla       | 10,8           | 11,7   | -        |
| Total                 | 14,5           | 15,1   | 3,9      |

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

Finalmente, atendendo ó destino dos residuos urbanos mesturados e recollidos, o **cadro 5.3.11.** reflicte que das 1.685,2 miles de toneladas, o 54,7% é xestionado por unha mesma empresa, mentres que o 45,3% é xestionado por outra empresa. No conxunto do estado, estas porcentaxes ascenden ó 70,5% e 29,5%, respectivamente.

No caso dos residuos mesturados, a porcentaxe de residuos xestionado pola mesma

empresa é do 56% fronte ó 71% de media en España, mentres que no caso dos residuos recollidos selectivamente, estas porcentaxes son do 40% e 58%, respectivamente.

Finalmente, o **cadro 5.3.12.** recolle unha serie de indicadores sobre residuos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente. Respecto á recollida selectiva implantada en Galicia, o devandito cadro reflicte que en abril de 2002 había un total de 231 municii-

Destino de residuos urbanos mezclados e recollidos selectivamente 2000: distribución segundo tipo de residuo

|                                                       | Galicia                   |          |                               |            | España                    |           |                               |           |
|-------------------------------------------------------|---------------------------|----------|-------------------------------|------------|---------------------------|-----------|-------------------------------|-----------|
|                                                       | Xestionados mesma empresa |          | Xestionados por outra empresa |            | Xestionados mesma empresa |           | Xestionados por outra empresa |           |
|                                                       | Total                     | Verquido | Verquido                      | Tratamento | Total                     | Verquido  | Tratamento                    |           |
| (en Tm.)                                              |                           |          |                               |            |                           |           |                               |           |
| <b>Residuos mezclados</b>                             | 1.567.762                 | 602.854  | 271.430                       | 693.478    | 23.792.175                | 8.514.201 | 8.564.015                     | 6.713.959 |
| R. domésticos mezclados y públicos similares          | 1.436.869                 | 551.333  | 235.743                       | 649.793    | 22.501.553                | 7.838.569 | 8.291.174                     | 6.371.810 |
| R. domésticos voluminosos mezclados                   | 72.587                    | 34.431   | 14.757                        | 23.399     | 713.658                   | 454.803   | 114.727                       | 144.128   |
| R. procedentes de mercados e da limpeza de vías públ. | 58.306                    | 17.090   | 20.930                        | 20.286     | 576.964                   | 220.829   | 158.114                       | 198.021   |
| <b>Residuos recollidos selectivamente</b>             | 117.420                   | 2.929    | 44.396                        | 70.095     | 2.712.815                 | 425.499   | 1.170.425                     | 1.116.891 |
| Parque e xardíns                                      | 10.134                    | 1.904    | 3.767                         | 4.463      | 295.414                   | 67.143    | 165.267                       | 63.004    |
| Pilas e acumuladores                                  | 247                       | -        | -                             | 247        | 10.416                    | 270       | 1.162                         | 8.984     |
| Papel e cartón                                        | 24.985                    | 3        | 12.341                        | 12.641     | 586.422                   | 372       | 351.144                       | 234.906   |
| Vidrio                                                | 40.131                    | -        | 15.433                        | 24.698     | 612.352                   | 2.091     | 216.169                       | 394.092   |
| Plásticos                                             | 3.524                     | 4        | 2.131                         | 1.389      | 157.665                   | 2.203     | 51.965                        | 103.497   |
| Metais                                                | 3.898                     | -        | 2.947                         | 951        | 71.744                    | 1.091     | 47.781                        | 22.872    |
| Madeira                                               | 3.149                     | 472      | 945                           | 1.732      | 96.981                    | 29.872    | 21.709                        | 45.400    |
| Embalaxes compostos                                   | 3.367                     | 404      | 1.599                         | 1.364      | 96.453                    | 21.415    | 47.530                        | 27.508    |
| Embalaxes mixtos                                      | 20.333                    | -        | 1.916                         | 18.417     | 295.562                   | 752       | 213.629                       | 81.181    |
| Aceites e grasas                                      | 2.004                     | -        | -                             | 2.004      | 52.262                    | -         | 12.847                        | 39.415    |
| Roupa e textis                                        | -                         | -        | -                             | -          | 2.833                     | 25        | 1.576                         | 1.232     |
| Medicinas e produtos químicos                         | 1.985                     | -        | -                             | 1.985      | 38.983                    | 2         | 25                            | 38.956    |
| Equipos desbotados                                    | 346                       | 142      | -                             | 204        | 4.466                     | 2.894     | 227                           | 1.345     |
| Vehiculos fora de uso                                 | 3.317                     | -        | 3.317                         | -          | 14.726                    | 1.995     | 4.140                         | 8.591     |
| Outros                                                | -                         | -        | -                             | -          | 376.536                   | 295.374   | 35.254                        | 45.908    |

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

CADRO 5.3.12.

**Indicadores de Residuos**

| Indicador                                                        | Unidade                |           |
|------------------------------------------------------------------|------------------------|-----------|
| <b>Producción anual de RSU</b>                                   | (kg/habitante/día)     | 0,9       |
|                                                                  | (Toneladas anuais)     | 850.000   |
| <b>Vertedoiros e puntos de vertido incontrolados</b>             |                        |           |
| vertedoiros inventariados                                        |                        | 33        |
| vertedoiros clausurados                                          |                        | 46        |
| Puntos de vertido eliminados                                     |                        | 541       |
| <b>Municipios con recollida selectiva implantada</b>             |                        |           |
| adheridos a ECOEMBES                                             |                        | 231       |
| adheridos a ECOVIDRIO                                            |                        | 172       |
| <b>Residuos tratados no complexo de SOGAMA (2001)</b>            | (Toneladas anuais)     | 555.575   |
| <b>Poboación cuberta por xestión RSU (2002)</b>                  | (habitantes)           | 2.215.022 |
| <b>Producción anual de Residuos Industriais Perigosos (2001)</b> | (miles de quilogramos) | 223.185,1 |
| <b>Aceites e R. Marpol TRATADOS (2001)</b>                       |                        |           |
| Aceite mineral usado e xestionado en Galicia                     | (miles de quilogramos) | 15.625,5  |
| MARPOL recollido e xestionado en Galicia                         | (miles de quilogramos) | 108.205,5 |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

pios adheridos a ECOEMBES e 172 adheridos a ECOVIDRIO.

Asemade, respecto á produción anual de residuos industriais perigosos (RIP) e destino dos mesmos, a produción anual de RIP ascendeu a 223.185.119 quilogramos, sendo o destino dos mesmos os xestores autorizados de residuos industriais perigosos. ■

